



## REUNIÓN XURADO PREMIOS ERNESTINA OTERO

Reunido no día de onte venres 18 de novembro as 16,30h na sala de Comisions do Concello e formado polas seguintes persoas:

- .- Carme Fouces Díaz Cocelleira de Igualdade
- .- Rosa Campos Briones, directora do CIM
- .- Anabel Gonzalez Penin, directora Unidade de Igualdade Universidade de Vigo
- .- Montserrat Golias Perez representante da Universidade da Coruña
- .- Dolores Vilavedra Fernández ,representante sa Universidad De Santiago de Compostela

O xurado Acorda por unanimidade premiar os seguintes traballos:

### TRABALLOS DE FIN DE GRAO

***.-O impacto da Coeducación no desenvolvemento persoal***

Un Traballo que aporta unha boa metoloxía e unha boa proposta de intervención partindo dun diagnóstico inicial. Existe ademáis unha autoavaliación na que se recollen propostas de mellora nun campo tan prioritario de traballo como é o educativo.

Autora: TAMARA FERNÁNDEZ AMOSA

***.-A Educación Afectivo-Sexual en persoas con diversidade funcional e intelectual***

Pola súa valentía no tema que trata poñendo o foco nunca realidade que normalmente se agacha. Visibilizando unha realidade que nos se quiere ver e dando voz às e os protagonistas fomentando a súa autonomía.

Autora: BÁRBARA PENAS REY

***.- Escola de Igualdade: Proxecto de formación en igualdade de xénero para o monitorado de "Noites Abertas"***

Un traballo práctico que avalía unha experiencia que xa está en marcha propondo vías de mellora. Metodoloxicamente utiliza o esquema Investigación-Acción-Participación dando voz as/os participantes.

Autor: IGNACIO MARQUEZ COLLAZOS

TRABALLOS DE FIN DE MASTER

***.- As bruxas non me dan medo (o que me dá medo son os fillos de puta) o concepto "bruxa" na creación audiovisual contemporánea.***

Partindo dun estereotipo aborda a bruxa como concepto, desmitificándoo e deconstruíndo o imaxinario existente para resignificalo dende unha óptica feminista. O traballo conta con contido audiovisual o que o dota dunha parte practica moi interesante para o traballo posterior. Pon de manifesto a importancia da obra artística para a difusión das mensaxes.

Autora: REBECA LÓPEZ VILLAR